

## BASES DO I CONCURSO DE DEBUXO “E TI QUE PINTAS NO MEDIO?”

### 1.- Participantes:

Poderán participar no concurso todos os rapaces e rapazas que teñan entre 6 e 18 anos a 26 de maio de 2009 e residentes na Comunidade Autónoma Galega.

### 2.- Tema e características técnicas:

- Os debuxos deberán versar sobre calquera aspecto do medio ambiente en Galicia (participación social, educación, riqueza natural e paisaxística, contaminación, etc.).
- Os participantes serán responsables da orixe da obra presentada.
- Os debuxos realizaranse sobre papel, cun tamaño máximo A3.
- As características do papel (grosor, acabado, color, etc.) e técnica serán a elección dos participantes.
- Cada participante poderá presentar un número ilimitado de traballos.

### 3.- Presentación:

a) Cada debuxo enviarase ou presentarse nun sobre pechado consignando nel: I Concurso de Debuxo “E ti que pintas no medio?”, e conterá:

- O debuxo, cun lema escrito por detrás.
- Un sobre pechado co formulario de participación cuberto e co lema do traballo escrito por fóra.

b) O debuxo, acompañados da documentación anterior, presentaranse ata o 26 de maio de 2009 na sede da Federación Galega de Municipios e Provincias, sita na rúa Varsovia 4C, 6ª planta. Área Central. 15703 Santiago de Compostela.  
Todos os traballos recibidos en data posterior quedarán fóra de concurso.

### 4.- Xurado:

- O xurado estará composto pola Presidenta da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, o Presidente da FEGAMP, un técnico da FEGAMP, un técnico da Consellería de Medio Ambiente, o responsable de comunicación da FEGAMP e o Secretariado da Rede.
- O fallo do xurado será inapelable, quedando facultado par rexeitar debuxos ou declarar desertas as categorías que considere oportunas cando estime que non se axustan ás condicións establecidas.
- Non poderá recaer máis dun premio na mesma persoa.
- O veredicto do xurado farase público nos 30 días posteriores ao remate do prazo de admisión dos traballos. O fallo darase a coñecer directamente aos premiados, remitirase aos medios de comunicación e será publicado na páxina web da Rede.

### 5.- Categorías:

Establécense as seguintes categorías de participación segundo a idade dos participantes a día 26 de maio de 2009:

- CATEGORÍA A: De 6 a 9 anos.
- CATEGORÍA B: De 10 a 12 anos
- CATEGORÍA C: De 13 a 15 anos
- CATEGORÍA D: De 16 a 18 anos

### 6.- Premios:

Establécense os seguintes premios únicos por categoría:

- CATEGORÍA A: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.
- CATEGORÍA B: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.
- CATEGORÍA C: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.
- CATEGORÍA D: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.

As institucións educativas nas que estean escolarizados os gañadores recibirán un lote de libros.

### 7.- Normas finais:

- Os debuxos presentados ao concurso serán propiedade de FEGAMP, cedendo os autores os dereitos de uso e explotación.
- En caso de publicarse unha compilación dos mesmas, os autores serán citados.
- Os participantes aceptan as presentes bases polo mero feito de presentarse ao concurso.

